

# 1º ESO

## **1ª Avaliación**

1º Parcial Temas 1 e 2

2º Parcial Temas 3 e 4

## **2ª Avaliación**

1º Parcial Temas 5 e 6

2º Parcial Temas 7 e 8

## **3ª Avaliación**

1º Parcial Temas 9 e 10

2º Parcial Temas 11 e 12

A nota final de cada avaliación será o resultado de sumar tres apartados cualificados numericamente da seguinte forma:

Os parciais puntuaranse sobre 8 puntos. Farase a media dos dous sempre e cando se supere o 3 en cada un deles, en caso de que algún dos parciais, ou os dous, non acadese esa nota mínima os temas así cualificados serán obxecto de recuperación nunha proba que a tal efecto se realizará ó comezo da seguinte avaliación ou ó final da mesma no caso da derradeira ordinaria (sempre que a nota media non chegase ó aprobado). As partes con cualificación igual ou superior a 4 consérvanse como aprobadas malia que a nota da avaliación sexa suspenso.

O comportamento na aula, o traballo desenvolvido na mesma e a actitude cara ós compañeiros e docente cualificaranse co máximo de 1 punto.

A pulcritude, corrección na escrita, organización e o cumprimento das tarefas encomendadas durante a avaliación a realizar no caderno recibirán asimesmo unha nota máxima de 1 punto. A tal efecto realizaranse revisións periódicas dese material.

As probas escritas basearanse basicamente nos exercicios e tarefas realizados e corrixidos na aula, ou na casa de non ser suficiente o tempo, e que cada alumno e alumna debe ter no seu caderno.

As probas escritas de recuperación da materia non superada puntuaranse sobre 10, Así como tamén a proba de setembro para o alumnado que non acadase o aprobado durante o curso escolar.